

**SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS**  
**PERMANENTES DO DÍA 28 DE XULLO DE 2009**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e oito de xullo de 2009, reúnense simultaneamente nun mesmo acto, tal e como establece o artigo 134.1 alínea 4ª do Regulamento orgánico municipal, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, os membros das comisións informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa denominación e concelleiros adscritos que a continuación se relacionan, segundo se deriva das actas da sesión extraordinaria da corporación municipal de data 13 de xullo de 2007 e da sesión ordinaria de 26 de xullo de 2007.

A) Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica.

Asistentes:

- Presidente: Don José Venancio Salcines Cristal, por delegación do Sr. alcalde.
- Don Felipe Andreu Barallobre, do PP.
- Don Antón Otero Domínguez, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

Asiste, como persoal da Corporación para efectos informativos, dona Mª Irache Enríquez Albaina, interventora.

B) Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos.

Asistentes:

- Presidente: Don José Venancio Salcines Cristal, por delegación do Sr. alcalde, ante a imposibilidade de asistencia, e ausencia da suplente, dona Mª Beatriz Ramos Padín, suplente.
- Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP.

- Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

C) Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá.

Asistentes:

- Presidente: Don Jaime Manuel López Lisnier, do PSdeG-PSOE.
- Dona Gumersinda Becerra Montes, do BNG.
- Don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).
- Non asisten, con escusa, dona Gorette Pérez Eléxpuru e dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, titular e suplente, respectivamente, do PP.

Asiste, como persoal da Corporación para efectos informativos, dona Ana M<sup>a</sup> Monje Barcia, coordinadora de Servizos Sociais.

Asiste, como secretaria, dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, secretaria da corporación.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

**COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, RÉXIME INTERIOR, FACENDA E PROMOCIÓN ECONÓMICA**

**1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 23 de xuño e sesións extraordinarias do día 9 de xullo de 2009**

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 23 de xuño e as dúas sesións extraordinarias do día 9 de xullo de 2009.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos cinco concelleiros que a compoñen, aprobou os citados borradores.

### **2º Proposta de derogación da Ordenanza fiscal n.º 19 reguladora da taxa por servizo de axuda a domicilio e outras prestacións sociais**

Don José Venancio Salcines Cristal pide á coordinadora de Servizos Sociais que explique a Ordenanza reguladora da prestación do servizo de axuda no fogar.

Dona Ana M<sup>a</sup> Monje Barcia expón que a nova ordenanza elaborouse como consecuencia de que, aprobada a Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, e os reais decretos que a desenvolven, que establecen unha nova forma de regulación do servizo de axuda no fogar, fíxose necesario a aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 (DOGA n.º 22 de 2 de febreiro), pola que se regula o servizo de axuda no fogar, e, na disposición transitoria primeira da citada orde, deuse un prazo máximo de 6 meses aos concellos para a adaptación das súas ordenanzas municipais ao disposto na orde de referencia, e iso é o que se fixo, adaptar a ordenanza do concello.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, manifesta que a partir de agora, as persoas que prestan o servizo teñen que ter unha titulación e pregunta como pode influír o concello sobre a empresa contratada.

A coordinadora de Servizos Sociais contesta que no prego está ata o verán do 2010 e con respecto á empresa, haberá que contemplalo e facelo cumprir, e en canto ás dúas traballadoras que figuran no cadro de persoal, haberá que darlles as facilidades que sexan necesarias para que obteñan o título.

Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), manifesta que este asunto non está na Comisión Informativa de Presidencia, que nesta comisión trátase da derogación da Ordenanza fiscal n.º 19 e o establecemento do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que como estes dous asuntos teñen relación directa coa aprobación da Ordenanza reguladora da prestación do servizo de axuda no fogar non se deu conta, e concede a palabra á Sra. interventora, que expón que xa se teñen traído supostos similares, e que, ao considerar que a prestación do servizo dá lugar ao establecemento dun prezo público e non dunha taxa, é polo que se trae a derogación da Ordenanza fiscal n.º 19 e a proposta de establecemento do prezo público. E en canto ás tarifas, axústanse ás disposicións da Orde da Xunta.

Don Manuel Marante Gómez pregunta se as propostas as fan os técnicos ou o responsable político.

A Sra. interventora contesta que se fan baixo as directrices do concelleiro delegado da área.

Don Manuel Marante Gómez responde que entón deberían vir os políticos.

Don José Venancio Salcines Cristal expón que a Ordenanza de prestación do servizo de axuda no fogar se modifica a instancia dun ente de rango superior, os concellos teñen a obriga de adaptar as ordenanzas a unha lei e é lóxico que a persoa que explique a ordenanza sexa o técnico, pois non se trata dun cambio por unha cuestión política.

Segue dicindo que a concelleira ten un problema de saúde e, conclúe, como é unha cuestión de carácter técnico, o lóxico é que estea o técnico e o explique.

Don Felipe Andreu Barallobre, do PP, engade que o prazo para adaptar a ordenanza finaliza en agosto.

A continuación, o Sr. presidente somete a votación ordinaria a proposta de derogación da Ordenanza fiscal n.º 19. Votan a prol o concelleiro do PSdeG-PSOE e o concelleiro do BNG e abstéñense o concelleiro do PP, o concelleiro de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A comisión, por dous votos a prol, en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordos ao pleno da corporación:

Primeiro: Derrogar, con efectos de 1 de novembro de 2009, a ordenanza fiscal núm. 19, reguladora da taxa polo servizo de axuda a domicilio e outras prestacións sociais.

Segundo: Reenumerar as ordenanzas fiscais vixentes, unha vez aprobada definitivamente a derogación da ordenanza fiscal núm. 19, quedando a numeración a partir do dito número do seguinte xeito:

- Ordenanza fiscal núm. 20, da taxa pola tenencia de animais de compañía e animais potencialmente perigosos, pasa a ser ordenanza fiscal núm. 19.
- Ordenanza fiscal núm. 21, reguladora de contribucións especiais, pasa a ser ordenanza fiscal núm. 20.

Terceiro: Facer constar que as ordenanzas fiscais vixentes na actualidade non sinaladas no acordo precedente, continuarán vixentes ata que non se acorde a súa modificación ou derogación.

Cuarto: Expoñer ao público no taboleiro de anuncios do Concello os citados acordos provisionais, durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto legislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Quinto: Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordos definitivos que unha vez transcorrido o período de exposición pública procede adoptar.

### **3º Proposta de establecemento do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar e outras prestacións sociais**

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Facenda, Comercio e Emprego de data 21 de xullo de 2009.

O Sr. presidente somete a votación ordinaria o asunto. Votan a prol o concelleiro do PSdeG-PSOE e o concelleiro do BNG e abstéñense o concelleiro do PP, o concelleiro de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A comisión, por dous votos a prol, en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordos ao pleno da corporación:

Primeiro: Aprobar o establecemento do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar e outras prestacións sociais, e a aprobación do seu réxime regulador, que se achega como anexo.

Segundo: Publicar para o seu xeral coñecemento no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no artigo 59.6 a) da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro: O presente acordo de establecemento do prezo público producirá efectos a partir do día 1 de novembro de 2009, logo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.”

#### **4º Rogos e preguntas**

##### **Rogo do PP presentado por escrito**

Rexistrado de entrada ao núm. 10208 o día 24 de xullo actual.

1º Nas pasadas comisións informativas do mes de maio solicitamos se nos informara dos incidentes acaecidos coa corta de varias árbores no lugar da Pagueira, en Brexo-Lema. Transcorridos dous meses dende entón e toda vez que aínda non temos recibido resposta, rogamos ao equipo de goberno nos informe destes feitos.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que, actualmente, está para informar na mesa de Fernando Garrido, que se atopa de vacacións. Cando se incorpore, informarase.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez responde que xa se formulou esta proposta fai dous meses, e recibiron a mesma contestación.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

#### **COMISIÓN INFORMATIVA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO, MEDIO**

##### **AMBIENTE, OBRAS E SERVIZOS**

##### **1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 23 de xuño de 2009**

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 23 de xuño de 2009.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos catro concelleiros pertencentes a ela, aprobou o citado borrador.

#### **2º Rogos e preguntas**

Antes de entrar a tratar os rogos e preguntas presentados, don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, pregunta se o alcalde tivo algún motivo para non asistir á comisión, iso debido a rogos e preguntas que formula.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que non ten coñecemento diso. Hai un proceso de cambio entre o anterior goberno e as novas concellerías e non coincide a concellería, pero este é un feito puntual que non se vai a manter, e o responsable é o alcalde.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que comprende o cambio, pero tiña que telo explicado antes.

Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), manifesta que hai que ser coherentes, e aínda que hai un cambio, ata o último día os responsables son os anteriores.

### **Rogo de EU-IU presentados por escrito**

Rexistrado de entrada ao núm. 10212 o 24 de xullo actual, xunto coas preguntas presentadas á esta comisión informativa.

1º Xa foron varias as iniciativas presentadas sobre o estado de abandono do Parque da Igrexa e do seu contorno, tamén varias as reunións con responsables da área e co propio alcalde para tratar de remediar o problema. A pesar das promesas e compromisos a día de hoxe nada ou pouco se fixo para remediar a situación de deterioración. Este feito desmerece o propio parque e o seu conxunto como un lugar de espaxemento e recreo público.

O noso grupo prega se dean as ordes oportunas para que se aborde polas persoas responsables, e na maior brevidade, a restauración, coidado e mantemento do mencionado parque.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que non hai constancia de denuncias no concello, pero vaise sacar en breve un concurso de ideas para reformar o campo da feira e tamén o parque que está a continuación. Agardan a recibir as ideas para levar a cabo posteriormente a remodelación.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que hai varias denuncias presentadas por eles, incluso estiveron co Sr. alcalde e comprometeuse a estudalo, actualmente o Parque da Igrexa é un parque abandonado.

### **Preguntas de EU-IU presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 10212 o 24 de xullo actual, xunto co rogo presentado á esta comisión informativa.

1ª No pleno do mes de febreiro do presente ano o noso grupo presentou unha iniciativa sobre a reposición dunha cabina telefónica no centro da vila, que fora retirada previamente como consecuencia da construción da praza Enrique Piñeiro.

Cales foron as xestións realizadas polo goberno para tratar de repoñer o servizo existente?

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que, en principio, valorouse a posibilidade de poñer a cabina, pero polos técnicos municipais deuse outra solución. A decisión é non poñela na praza e buscar outro sitio de máis impacto visual e que sexa cómodo.

2ª Moitos camiños do concello están sufrindo unha deterioración importante ao transitar camións de transportes pesados, para o que non están acondicionados.

Existe algunha denuncia no concello en relación ao mencionado asunto?

Que medidas ten pensado tomar o goberno para evitar que se produzan estes feitos?

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que se comprometeu a pedir un informe á policía e enviárllo.

Don Luis Miguel Taibo Casás pregunta se ten idea de se hai algunha denuncia de deterioración en relación cos camións.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que non.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que hai un camiño en Pravio, despois da autoestrada, á esquerda, no que el avisou á responsable da área unhas cantas veces por unha tapa dun sumidoiro que está afundida e que é un perigo. Dixo que se ía a arranxar e non se fixo nada.

Sendo as vinte horas e trinta minutos, don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, manifesta que se ten que ausentar por motivos de forza maior.

Por último, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

## **COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, BENESTAR SOCIAL, CULTURA,**

### **NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

#### **1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 23 de xuño de 2009**

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 23 de xuño de 2009.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos catro concelleiros asistentes á sesión, aprobou o citado borrador.

#### **2º Aprobación da Ordenanza reguladora da prestación do servizo de axuda no fogar**

O Sr. presidente considera suficientemente debatido o asunto e, non solicitando ninguén a palabra, somete a votación ordinaria o asunto.

Votan a prol o concelleiro do PSdeG-PSOE e a concelleira do BNG, e abstéñense o concelleiro de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A comisión, en votación ordinaria, por dous votos a prol, en aplicación do sistema de voto ponderado, acordou ditaminar favorablemente a seguinte proposta de acordos ao pleno da corporación:

Primeiro: Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora da prestación do servizo de axuda no fogar, que se achega como anexo ao presente acordo.

Segundo: Abrir un período de información e audiencia aos interesados por prazo de trinta días mediante anuncios publicados no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do concello, co fin de que poidan presentarse reclamacións e suxestións que serán resoltas pola Corporación.

Terceiro: No caso de que non se presenten reclamacións e suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e, polo tanto, definitivamente aprobada a ordenanza de referencia.

#### **3º Rogos e preguntas**

Non se presentaron rogos nin preguntas.

E non habendo máis asuntos que tratar, cando son as vinte horas e trinta e cinco minutos, levántase a sesión, e, a teor do establecido no artigo 134.1, alínea 5ª do Regulamento orgánico municipal, exténdese a presente acta única, que é asinada polos presidentes das Comisións Informativas, de todo o cal, eu, secretaria dou fe.

Presidente da Comisión Informativa de  
Presidencia, Réxime Interior, Facenda e  
Promoción Económica  
P.D.

Presidente da Comisión Informativa de  
Ordenación do Territorio, Medio  
Ambiente, Obras e Servizos  
P.D.

José Venancio Salcines Cristal

José Venancio Salcines Cristal

Presidente da Comisión Informativa de  
Educación, Benestar Social, Cultura,  
Normalización Lingüística e  
Participación Cidadá

Jaime Manuel López Lisnier

A secretaria

Mª Luisa de la Red Ampudia